

# ONODA

Arthur Harari, 2022


# 928

ESTREA EN NUMAX: 06.05.2022 | V.O.S.E.

Finais de 1944. Xapón está a ser derrotado na II Guerra Mundial. As ordes do misterioso Maior Taniguchi, o mozo tenente Hiroo Onoda é enviado a unha illa filipina pouco antes de que aconteza o desembarco estadounidense. Levando canda si un fato de soldados, Onoda comeza unha misión delirante nas profundidades da xungla, unha guerra secreta e ilusoria. O obxectivo principal: non morrer. Para o Imperio nipón, a guerra está a piques de rematar. Para Onoda, rematará 10.000 noites despois.

«Unha cinta de acción marabillosa e existencialista, digna herdeira dos grandes clásicos da historia do cinema»

Fabien Lemercier, CINEUROPA



## Entrevista con Arthur Harari: «Se hai un cineastas que puidese influírme ese é Kenji Mizoguchi»

**Como nace *Onoda*?** Durante anos, antes mesmo de rodar *Diamant noir* (2016), estiven a pensar nun filme de aventuras. Devorei os libros de Conrad e Stevenson e intereseime polos navegantes solitarios e polas expedicións polares. Un día, falando deste desexo co meu pai, el evocou case como unha brincadeira o increíble caso dun soldado xaponés que permanecera durante anos nunha illa. Nese momento sentín algo así como unha chamada. A partir de aí, documenteime, lin entrevistas, consulte internet e, sobre todo, coñecín en Xapón a Bernard Centron, autor en 1974 xunto a Gérard Chenu do libro *Onoda, seul en guerre dans la jungle, que me deu acceso aos seus arquivos e lembranzas*.

**Influíulle o cinema xaponés?** Se hai un cineasta que puidese influírme ese é Mizoguchi, polo equilibrio que acada entre a empatía cara aos personaxes e unha amplitude de miras permanente. Tamén polo distante da súa posta en escena que, porén, nunca é fría nin vertical. Busquei ese movemento irreprímible que culmina nunha intensificación emocional e poética: os personaxes e o mundo, a interioridade alterada das persoas e a orde exterior das cousas, fusiónanse. Kurosawa tamén consegue doutro xeito unha potencia abraiante cunha mestura extraordinaria de picaresca e poema cósmico como n'*Os sete samurais* (1954). Tamén me acompañaron outras obras: *Nobi* (1959) de Kon Ichikawa, *United Red Army* (2008) de Koji Wakamatsu ou os filmes do filipino Lino Brocka, que xuntan realismo e mito.

**E en canto a cineastas occidentais?** Renoir, Walsh (*Obxectivo: Birmania*, 1945), Fuller e Leone (*Era unha vez en América*, 1984). E sobre todo Ford, cuxos lazos con Kurosawa son evidentes e marcáronme até o punto de que teño interiorizados os seus encadres, os seus movementos de cámara e a súa escenografía. Hai outro cineasta que tivo unha influencia importante, Monte Hellman, cuxos filmes *O tiroteo* (1966) e *Foraxidos salvaxes* (1966) vin antes de rodar. Por último A saga de *Anatahan* (1953), de Sternberg, ocupa un lugar especial, algo fantasmagórico, na miña mente.

**O teu filme é heteroxéneo. Que pasa cos demais xéneros, como o western?** O western é un xénero cara ao que os demais converxen con bastante facilidade, porque é a forma cinematográfica perfecta para a epopea. Condensa as obsesións primitivas da literatura occidental e é a que máis se aproxima ao mito, ao conto. Na morte de Kuzoka a referencia máis explícita é *Deliverance* (John Boorman, 1972) que para min é unha relectura case conceptual do western. Na escena os xaponeses serían os vaqueiros e os filipinos serían os indios, pero ambos rematan parecéndose a forza de estaren atrapados no mesmo territorio.

**Co teu filme reflexionas sobre a cuestión do heroísmo. *Onoda* é un heroe? É** imposible non velo como tal, aínda que a súa aventura sexa altamente ambigua. Un heroe (en todas as mitoloxías, particularmente na grega) é acotío alguén a quen se lle autoriza a cometer actos aterradores. Non hai heroísmo sen ambigüidade, sen sucidade. *Onoda* é heroico porque encarna uns valores nos que unha gran parte dos xaponeses se recoñeceron durante un tempo. Pero non hai que ser xaponés nin ter tendencias militaristas para ficar abraiado coa historia. *Onoda* foxe á súa propia persoa. Fai parte do bando dos perdedores pero realiza, case ao seu pesar, algo que o sobrepasa.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El crepúsculo del mundo*,  
Werner Herzog.  
Blackie Books, 2022